



RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Servizos mínimos Folga 8 de Marzo

EXPEDIENTE: 2019/G003/000174

Tendo en conta a convocatoria de folga prevista para o vindeiro 8 de marzo, e ao abeiro das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Establecer os seguintes servizos mínimos:

Rexistro Xeral: apertura do rexistro xeral de entrada, cunha persoa de atención ao público (administrativo/a ou auxiliar administrativo/a), en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Funcionamento normalizado do Servizo Municipal de Emerxencias e da Policía Local

Escolas Infantís municipais. Establécese a obriga de acudir ao seu posto de traballo, para cobertura de servizos mínimos, aos seguintes traballadores/as:

E. I. TILOS: Alicia Aldrey Costa, directora. Borja Gendre Mirás, educador de tarde

E. I. CALO: María Palmira Cruces Vázquez, directora. Marta Vázquez Ledo, educadora de tarde

E. I. RAMALLOSA: Raquel Campos Suárez, directora. Eva Gómez Balo, educadora de tarde

Segundo.- As persoas xefas dos servizos respectivos comunicarán ao Departamento de Intervención a identificación do persoal afectado polos indicados servizos mínimos. De igual modo, os/as concelleiros delegados de cada área e os xefes de servizos



responsabilizaranse de que se traslade ao Departamento de Intervención o listado de empregados/as municipais que non asistan ao traballo o día da folga, a efectos dos descontos correspondentes que procedan. Esta información darase despois do día 8.

Terceiro.- Facer público a presente resolución mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios do concello e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe

O alcalde,

Rafael Carlos Sisto Edreira

A secretaria accidental, que dou fe

Sandra María García Chenlo